

Plan de Ensino Virtual ante a COVID 19

O presente plan ten por obxectivo *proporcionar un sistema regrado e estable de docencia virtual que ofrezca ao alumnado en corentenas ou confinamentos totais ou parciais unhas rutinas similares ás do ensino presencial, garantindo:*

- *a interacción entre alumnado e profesor.*
- *a realización de tarefas.*
- *a avaliación do progreso.*

Está elaborado tomando como referencia:

- O Plan de Adaptación á Situación COVID do CEIP Pío XII dacordo coas Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (D.O.G nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.
- Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021
- Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19.
- O Plan de Ensino Virtual ante a COVID 19 da Xunta de Galicia.

O presente Plan deberá estar rematado o día 10 de novembro, ser remitido pola dirección á Inspección Educativa que supervisará e dará a autorización definitiva.

Este Plan de ensino virtual que se incorporará ao Plan de continxencia do centro incluído no apartado 22. Medidas a adoptar de cara á xestión dos abrochos do Plan de Adaptación á situación COVID 19, será publicitado na web e informarase do mesmo á comunidade educativa .

RECURSOS DO PLAN

HUMANOS

PROFESORATO TITOR E ESPECIALISTA. *O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado que tamén realizará o seguimento, con independencia da materia a impartir.*

PROFESORADO DE APOIO. Colaborará na realización de tarefas e aporte de recursos ao profesorado titor do(s) grupo(s) respectivo nos que presta servizo.

PROFESORADO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. Desenvolverá o seu traballo desde a plataforma de videoconferencia no mesmo horario asignado de ensinanza presencial, habilitando unha sala específica para cada docente do equipo.

No caso do profesorado de PT con alumnado que é atendido na aula en máis dunha sesión, adicarase alomenos unha destas, coa autorización familiar á atención individualizada na sala específica. No caso de non completar horario asignaráselle outro alumnado para ser atendido.

A orientadora do centro velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e coordinará a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.

AUXILIAR DE CONVERSA. Desenvolverá o seu traballo desde a aula virtual e a plataforma de videoconferencia, seguindo as directrices do persoa Coordinadora.

MATERIAIS E TECNOLÓXICOS

MATERIAIS

Para realizar o traballo desde o centro proporcionarase ademais dos medios xa dispoñibles (computador, pizarra dixital, pizarra tradicional, son) unha webcam con micrófono incorporado para cada titoría, podendo ampliarse esta a outro profesorado especialista que o solicite.

O centro ten habilitadas ademais todas as liñas telefónicas que permiten realizar chamadas ao exterior desde todas as aulas e espazos comúns.

FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS

O Plan de Adaptación á Situación COVID aprobado no centro o día 1 de setembro, publicado na web e difundido ás familias, establece no seu apartado 22. Medidas a adoptar de cara á xestión dos abrochos, os recursos a empregar polo centro segundo os diferentes niveis nun modo de ensinanza non presencial.

A raíz da publicación por parte da Consellería de Educación do “Plan de Ensino Virtual”, modifícase o citado apartado 22 a respecto dos recursos a empregar nos niveis de 3º a 6º de EP, quedando así como ferramentas tecnolóxicas as seguintes:

Medios tecnolóxicos	Educación Infantil	1º e 2º EP	3º a 6º EP
Aula virtual	✓	✓	✓
Libros dixitais		✓	✓
Vídeo chamadas	✓	✓	
Vídeo conferencia			✓
correo-e			✓
AbaIarMóbil	✓	✓	✓
Outros modos de comunicación	✓	✓	

PLATAFORMA DE VIDEOCONFERENCIA INSTITUCIONAL

A Plataforma de videoconferencia institucional que permite a interacción en tempo real, compartir contidos e a realización de exercicios

Habilitaranse as seguintes salas:

- Unha común para cada titoría á que terá acceso todo o profesorado especialista que imparta materias comúns na mesma e á que se convidará para acceder a un dos proxenitores ou titores do alumnado a través do correo electrónico.
- Unha específica para cada docente do departamento de orientación.
- Unha específica para o alumnado de relixión.

O tempo de conexión definirase no apartado de horarios.

AULA VIRTUAL

É un espazo dixital de traballo que permiten dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas.

No centro temos creada un aula virtual para cada un dos niveis de educación primaria e outra máis, común, para educación infantil.

Todas as familias do centro teñen recibido un correo electrónico indicándolle o xeito de construír o seu usuario así como o contrasinal para acceder ao seu curso.

Téñense realizado actividades de formación, tanto co profesorado como co alumnado de 3º a 6º de EP co obxecto de acadar autonomía no uso da plataforma.

Establécense ademais como VÍAS ALTERNATIVAS DE COMUNICACIÓN, principalmente coas familias, as seguintes:

- Correo Electrónico.
- Abalamóbil.
- Chamada telefónica no caso das titorías coas familias que se realizarán os martes de 16:30 a 17:30, substituíbles por vídeo chamadas.

HORARIOS

PROPOSTA EDUCACIÓN INFANTIL

Realizaranse conexións todos os días a través de vídeo chamada para manter o contacto e a cohesión do grupo clase entre o alumnado e nós.

- O profesorado especialista conectarase un tempo durante a súa sesión semanal, para manter tamén ese contacto do alumnado con eles e coa súa especialidade e realizar algunha actividade en concreto.
- Enviaranse tarefas todos os días a través da aula virtual do centro .

PROPOSTA 1º e 2º PRIMARIA

O traballo realizarase cos libros de texto e de non ser posible, cos libros dixitais para o que xa está habilitado o alumnado.

- As actividades a realizar serán colgadas diariamente na aula virtual, onde tamén se colgarán vídeos explicativos ou o que se considere necesario, para avanzar materia.
- Poñerémonos en contacto periódico co alumnado e familias a través de chamadas telefónicas, Abalar, vídeo chamadas, etc., dependendo do que cada titora considere máis oportuno ou das posibilidades de cada familia.

PROPOSTA. 3º a 6º PRIMARIA

“O centro elaborará un “horario espello” para a docencia a distancia, de obrigado cumprimento para alumnado e profesorado e referencia para as familias, que deberá establecer un proceso formativo similar ao do ensino presencial, avanzando nas programacións das áreas, ámbitos, materias ou módulos.

Este horario terá como obxectivo continuar, no caso de peche da aula por decisión das autoridades sanitarias, co desenvolvemento dun ensino a distancia coa debida interacción entre o alumnado do grupo e o profesorado.”

O HORARIO LECTIVO será o mesmo que o reflectido no Documento de Organización do Centro (DOC), polo tanto semellante ao do ensino presencial.

O horario lectivo abranguerá desde as 09:10 ata as 14:10, distribuído en 6 sesións de 50 minutos. (1ª sesión: 09:10 a 09:50; 2ª sesión: 09:50 a 10:40; 3ª sesión: 10:40 a 11:30; 4ª sesión: 11:30 a 12:20; 5ª sesión: 12:20 a 13:10; 6ª sesión: 13:10 a 14:00)

No horario respectarse a CARGA LECTIVA de cara área e esta repartirase de xeito que, como mínimo, o 60% do tempo se destinará á docencia virtual e o outro 40% a tarefas a realizar por parte do alumnado. As tarefas para o alumnado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.

Dentro do horario lectivo o profesorado fixará unha **SESIÓN DE TUTORÍA** co alumnado que permita efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.

Durante o peche ou confinamento o profesorado poderá impartir docencia no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.

SEGUIMIENTO. A dirección do centro, a través da xefatura de estudos, requirirá ao final de cada semana, unha relación daquelas actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido.

Carga horaria en primaria

idioma	Materia	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Galego	Lingua galega e literatura	4	4	4	4	4	3
Castelán	Lingua castelá e literatura	4	4	4	4	4	3
Castelán	Matemáticas	5	5	4	4	5	5
Galego	Ciencias sociais	3	2	3	2	2	3
Galego	Ciencias da natureza	2	2	2	2	2	2
Inglés	Lingua estranxeira	2	2	3	3	3	3
Galego	Música	1	1	1	1	1	1
	Plástica	1	1				
Inglés	Educación artística			1	1	1	1
	Plástica						
Castelán	Educación física	2	2	2	2	2	2
Galego	Valores sociais ou Relixión	1	2	1	1	1	1
Galego	Libre configuración				1		1
		25	25	25	25	25	25

Horas de libre configuración en 4º e 6º EP

Durante o curso 20-21 a hora de libre configuración dedicárase a Reforzamento de Matemáticas en 4º de EP e das Linguas en 6º de EP.

	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP
08:50 a 09:50				
09:50 a 10:40				
10:40 a 11:30				
11:30 a 12:20				
12:20 a 13:10				
13:10 a 14:10				
	09:10 a 09:50	09:15 a 09:50	09:15 a 09:50	09:10 a 09:50
	09:50 a 10:40	09:50 a 10:40	09:50 a 10:40	09:50 a 10:40
	10:40 a 11:05	10:40 a 11:05	10:40 a 11:30	10:40 a 11:30
	11:05 a 11:30	11:05 a 11:30	11:05 a 11:30	11:05 a 11:30
	11:30 a 12:20	11:30 a 12:20	11:30 a 11:55	11:30 a 11:55
	11:55 a 12:20		11:55 a 12:20	11:55 a 12:20
	12:20 a 13:10	12:20 a 13:10	12:20 a 13:10	12:20 a 13:10
	13:10 a 14:05	13:10 a 14:10	13:10 a 14:10	13:10 a 14:05

INFORMACIÓN E FORMACIÓN

- O Plan de ensino virtual será comunicado ás familias a través de correo electrónico e publicado na web do centro.
- O centro proporcionará á familias información para o acceso ás plataformas de ensinanza virtual e resolverá os problemas de acceso ás mesmas que se puideran producir.
- O titor ou titora de cada alumno informará aos pais, nais ou tutores legais das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe así como do control de asistencia que se realizará diariamente polo profesorado mediante as ferramentas habituais.
- Analizaranse das necesidades de dispositivos electrónicos derivadas dunha hipotética situación de peche en coordinación coa Inspección Educativa.
- Identificarase do profesorado que precise de formación na ensinanza virtual.

IMPLANTACIÓN DO PLAN

O mesmo día do peche a dirección do centro enviará unha comunicación a través da aplicación AbalarMóbil e publicará unha nova na web do centro. Simultaneamente remitirase ás familias un correo electrónico co “horario espello”, co enlace das salas respectivas da plataforma de videoconferencia así como o enlace á aula virtual.

DISTRIBUCIÓN DE MEDIOS INFORMÁTICOS

- A administración garantirá o dereito a educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise.
- O mesmo día do peche os equipos directivos afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias do centro.
- Unha vez atendidas as necesidades iniciais, as direccións dos centros trasladarán con carácter de urxencia á Inspección Educativa as necesidades priorizadas de equipos que queden sen cubrir.
- A inspección trasladará a AMTEGA estas necesidades para a súa cobertura inmediata
- Os equipamentos entregaranse ao centro educativo, que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.
- O material será repartido coa maior celeridade e organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias para abordar o funcionamento da aula virtual.
- Unha vez superada a situación de confinamento ou peche do centro, no prazo máximo de 3 días o propio centro deberá recoller todos os equipos cedidos para o seu traslado aos servizos centrais.

En Santiago a 10 de novembro de 2020